



CONVOCATORIA DE APOIO TITORIAL EXTRAORDINARIO

CURSO ACADÉMICO 2008/2009

O artigo 128 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro) contempla que o Consello de Goberno establecerá unha normativa para articular os procedementos de avaliación e a revisión das cualificacións, namentres esta normativa non sexa desenvolta aplicarase a aprobada pola Xunta de Goberno da USC, na súa sesión do 15 de novembro de 2001, modificado polo Acordo do Consello de Goberno de data 20 de xuño de 2007, que desenvolvía o artigo 115 dos antigos Estatutos da USC e que establecía a posibilidade de que os alumnos, en determinadas circunstancias, poidan solicitar un apoio titorial extraordinario.

Este apoio correspóndelle realizalo ao profesor titor que debería proporcionarlle ao alumno as pautas necesarias para a evolución na súa aprendizaxe e ao profesor elementos suficientes para avaliar a progresión do alumno, mantendo en todo caso as garantías e transparencia necesarias.

Vista a experiencia do curso pasado na implementación do apoio titorial faise necesario aplicar pequenas modificacións no procedemento que axilicen a súa xestión e incentiven aos alumnos na solicitude do apoio titorial polo que **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Alumnos que poden solicitar apoio titorial extraordinario

Os alumnos que teñan superado o 80% dos créditos troncais e obrigatorios para titularse no caso de plans renovados ou polo menos 20 materias obrigatorias no caso de plans sen renovar.

Os alumnos poderán solicitar apoio titorial extraordinario en tres materias ao longo da súa carreira.

Poderán solicitar este apoio os alumnos que non teñan máis de tres materias pendentes, con dúas convocatorias esgotadas en cada unha e que ditas materias no caso dos plans estruturados en créditos, non sumen máis de 18 créditos.

Si o alumno ten só unha materia pendente poderá solicitar o apoio titorial extraordinario, aínda que non teña esgotada ningunha convocatoria, tanto no caso de plans renovados como non. Neste cómputo exclúense materias como o Proxecto Fin de Carreira.

Poderán tamén acollerse ao apoio titorial extraordinario os alumnos matriculados en materias sen dereito a docencia

Estes requisitos poderán reunirse ao inicio do curso ou tralos exames do primeiro cuatrimestre.

SEGUNDO .- Prazos, impresos e lugares de inscrición:

O prazo de solicitude será dentro do período de matrícula : **do 1 de outubro ata o 17 de outubro de 2008, no primeiro período, e do 16 ao 31 de marzo 2009, no segundo período** co prazo de modificación da matrícula de materias do segundo cuadrimestre, do curso 2008/2009.

Neste segundo periodo o apoio titorial poderá solicitarse para materias do segundo cuadrimestre e para as materias anuais. Neste caso a titorización farase só respecto da parte do programa que aínda non foi impartido.

Os impresos de solicitude estarán a disposición dos alumnos nas Unidades de Xestión Académica nas que deberán matricularse ou nos Centros. As solicitudes, dirixidas aos directores de departamento responsables das materias, poderán entregalas nos mesmos lugares, que o comunicarán ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica. Cando o apoio titorial sexa para máis dunha materia e non pertenzan ao mesmo departamento, deberá presentarse unha solicitude para cada departamento.

TERCEIRO .- Da actuación dos órganos que interveñen no procedemento.

Corresponde a Secretaría Xeral:

1. Realizar a convocatoria e ditar as instrucións que se consideren necesarias en relación coa mesma.
2. Informar aos Centros e Departamentos sobre os alumnos susceptibles de solicitar o apoio titorial extraordinario.
3. Notificar aos alumnos afectados as materias para as que poden solicitar apoio titorial

Corresponde aos Directores dos Departamentos :

1. Nomear ao profesor titor da materia que será preferentemente o profesor da materia, agás que o alumno solicite de xeito expreso e motivadamente o cambio de titor.
2. Notificar aos alumnos o nome do titor co que deberán poñerse en contacto no horario correspondente de titorías.
3. Notificar ao Vicerreitorado de Profesorado e Organización Académica ao traves do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, os profesores responsables da titoría extraordinaria e mailo correspondente plan de traballo , co obxecto de incorporalo o plan de traballo anual do profesor así como o nome do alumno para proceder a confección das actas.

Corresponde aos Profesores Titores:

1. Establecer xunto cos alumnos o plan de traballo que deberán seguir e que permita aproveitar ao máximo o curso académico contemplando as posibilidades de utilizar as convocatorias de febreiro, nas materias do primeiro cuadrimestre ou setembro no caso de materias do segundo cuadrimestre ou anuais

2. O plan de traballo deberá contemplar as seguintes cuestións:
- A) obxectivos parciais a acadar e tempo para conseguilos
 - B) Sistema de avaliación destes obxectivos, e da materia no seu conxunto, de estimarse conveniente.
 - C) Calendario de reunións a manter para a resolución de problemas e dúbidas dos alumnos. Este calendario deberá fixarse, sempre que sexa posible , en horarios de titorías do profesor.
 - D) Procedemento de control de todo o proceso, que permita ao alumno exercer, no marco das particularidades desta modalidade de apoio, a revisión de cualificacións establecidas no artigo 128 dos Estatutos da Universidade e do 33 do Estatuto do Estudante.

CUARTO.- Da elaboración das actas

Por cada materia/titor emitírase unha acta para cada convocatoria ordinaria de exames nas que figuren os alumnos que teñan solicitado o apoio titorial extraordinario.

Os profesores responsables da titoría que serán os que poidan acceder a través do código persoal á acta ou actas segundo establece a normativa vixente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- O apoio titorial queda restrinxido a un máximo de tres materias en toda a titulación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- O apoio titorial só poderá solicitarse para as convocatorias ordinarias quedando excluídas do mesmo as convocatorias extraordinarias de febreiro, de se-lo caso, e maila de Fin de Carreira .

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.- Queda derogada a resolución sobre o apoio titorial do 10 de xullo de 2006

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2008

O Reitor

Senén Barro Ameneiro

Sra..Vicerreitora de Profesorado e Organización Académica, Sr. Vicerreitor de Oferta Docente e EEES, Sra. Vicerreitora de Calidade e Planificación , Sra. Secretaria Xeral, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sres/as Decanos/as, Directores/as de Centro, Sres/as Directores/as de Departamento, Sra. Xefa do Servizo de Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr./a Xefes/a das UXAS do Campus de Santiago e Lugo, Sres. Responsables da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, Sra.. Directora do OIU, Sra.. Xefa da Oficina de Reclamación e Mellora do Procedemento, Sr. Responsable do Servizos Informáticos da área académica.

SOLICITUDE DE APOIO TITORIAL EXTRAORDINARIO

DATOS PERSOAIS		
Apelidos e nome		DNI
Enderezo a efectos de notificación (Rúa, número, piso)		Localidade
Código postal	tfno.	email (correo electrónico)
Titulación na que está matriculado		

Materias susceptibles de apoio titorial

Código nome C Febreiro F Carreira

.....
Departamento responsable docencia :

Código nome C Febreiro F Carreira

.....
Departamento responsable docencia :

SR. DIRECTOR DO DEPARTAMENTO DE

Contestación director departamento

En relación coa súa petición infórmase que deberá poñerse en contacto cos profesores titores das materias que aquí se indican para acordar o plan de traballo

MATERIA Prof. Titor

Materia Prof. Titor SantiagoVer
instrucións e información no reverso

REQUISITOS PARA SOLICITAR O APOIO TITORIAL EXTRAORDINARIO

Poderán solicitar os alumnos que reúnan todos estes requisitos:

- a. Ter superado o 80% dos créditos troncais e obrigatorios para titularse no caso de plans renovados ou polo menos 20 materias obrigatorias no caso de plans sen renovar.
- b. Que as materias pendentes non sumen máis de 18 créditos, debendo ter esgotadas al menos dúas convocatorias en cada unha delas. No caso dos plans de estudos vellos, non estruturados en créditos, o número máximo de materias pendentes será de tres.
- c. Cando o estudante tivese só unha materia pendente poderá solicitar o apoio titorial extraordinario, aínda que non teña esgotada ningunha convocatoria, tanto no caso de plans renovados como non. Neste cómputo exclúense materias como o Proxecto Fin de Carreira.
- d. Os alumnos matriculados en materias se dereito a docencia tamén poderán acollerse ao apoio titorial extraordinario.

O número máximo de materias para as que se poderá solicitar apoio titorial extraordinario na titulación será de 3 no caso de plans vellos e un máximo de 18 créditos nos plan renovados.

PRAZOS DE MATRÍCULA

Primeiro Período: Do 1 de outubro ata o 17 de outubro de 2008.

Segundo Período: Do 16 ata o 31 de marzo de 2009.

IMPRESOS

Os impresos de solicitude poderán recollerse nas UXAS ou nos Centros. Deberán entregarse nos departamentos ou nas UXAS.

CUMPRIMENTACIÓN DO IMPRESO:

DEBERÁN CUMPRIMENTARSE TODOS OS DATOS PERSOAIS, ESPECIALMENTE A SÚA CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO.

NO CASO DE PRESENTARSE ÁS CONVOCATORIAS DE FEBREIRO OU FIN DE CARREIRA DALGUNHA MATERIA DAS QUE SE SOLICITA APOIO DEBERÁ SINALALO NO IMPRESO DE SOLICITUDE.



RESOLUCIÓN:

Os directores dos departamentos son os responsables de nomear ao profesor titor da materia, que o notificarán aos alumnos co fin de que se poñan en contacto co dito titor no horario correspondente de titorías.